

Deseño de Amaia Miguez Niango.

03

Maruja Mallo chega a Vigo cunha mostra retrospectiva da súa traxectoria

04 ConfesoNario 06

O ditador Francisco Franco volve a Ferrol... convertido nun musical

Tony Lomba Vs. Elio dos Santos. Cal é o seu grao de compatibilidade?

Kolectivo 07

Dende a India preséntasenos o pintor ourensán Marcos Godoy

criticArte 08

Sebastián Romo, a fotografía como escultura

# bitákora dez

## Compostela\_A Coruña

Representación de *Días de viño e rosas*, de J. P. Miller, con Carmelo Gómez e Silvia Abascal. Dirixe Tamzin Townsend.  
19 e 20 de setembro, ás 21:00 horas.  
Teatro Principal.



## Pontevedra

Exposición *Man Ray, artista de vangarda*.  
Até o 25 de outubro.  
Centro Social Caixanova.

## A Coruña

Representación de *Partenope*, de Leonardo Vinci, dentro do 57º Festival da Ópera. Con Mariña de Liso, María Grazia Schiavo, e María Ercolano.  
25 de setembro ás 20:00 horas.  
Teatro Rosalía Castro.




## Lugo

XXXI Semana Internacional de Cine de Autor  
Do 20 ao 26 de setembro.  
Consultar programación para verificar horarios e lugares.

## Ferrol\_A Coruña

Estrea da curtametraxe *A nena que tiña unha soa orella*, coa actuación da A Banda de Música Ferrolá interpretando en directo a banda sonora.  
19 de setembro ás 20:30 horas.  
Teatro Jofre.



## A Coruña

Exposición *O debuxo animado americano, unha arte do século XX*, con pezas da Colección Luciano Berriatúa.  
Até o 27 de setembro.  
Fundación Luis Seoane.

## Vigo\_Pontevedra

Representación de *Giselle*, de Adolphe Adam, a cargo do Ballet Nacional de Cuba. Dirixe: Alicia Alonso.  
26 de setembro ás 20:30 horas.  
Centro Cultural Caixanova.



## Compostela\_A Coruña

Concerto da soprano Camilla Tilling acompañada ao piano por Roger Vignoles. Obras de Schubert, Schumann e R. Strauss.  
22 de setembro, ás 21:00 horas.  
Teatro Principal.

## O Porriño\_Pontevedra

Concerto de Dagade2puntas e Nadadora.  
25 de setembro ás 22:00 horas.  
Praza Arquitecto Antonio Palacios.



## Ourense

Estrea de *A Esmorga*, de Blanco Amor, en adaptación teatral de Begoña Muñoz e Carlos Cruceiro, a cargo de Sarabela Teatro.  
18 de outubro, ás 21:00 horas.  
Auditorio Municipal.

# Escaparate.....



## Zénzar\_A tribu\_Autoedición

Levan xa 20 longuísimos anos metidos neste negocio do rocanrol e iso tense que notar, si ou si. Dende Cerceda, Zénzar presentan o seu novo traballo logo daquel magnífico *Toma... Dalle* que supuxo un salto cualitativo importante dentro da banda.

Levabamos escoitando falar de *A tribu* dende que a pasada primavera presentaron algúns temas a distintos medios de comunicación a través dun concerto moi particular. Enerxía a raudais e rabia contida por todos os surcos dun disco que dá outro novo paso na particular evolución do grupo, dacadalo do rocanrol tradicional, do punk neoiroquino e unhas pingas de garaxe. O resultado son estes 14 temas gravados nos estudos Océano de Nigrán da man do sempre sabio Javier Abreu, no que contan con colaboracións de luxo da man de xente como Vívico Neira, Xurxo Souto, Gende Beat, María Silvar, Manolo Suárez, David Bolaño e o gaitero José Ares. Alguén dá máis?



## Carlos Mella\_Memorias dun ninguén\_Galaxia

Unha biografía novelada que tamén é un conto longo escrito con esa fina ironía que todo o relativiza á vez que o fai esencial.

Contar o pasado para traelo ao presente é o obxectivo de Carlos Mella en *Memorias dun ninguén*. Desde a senectude o protagonista percorre o fío do tempo vivido: a Guerra Civil vista a través dos ollos dun neno, a mocidade durante o franquismo, a fartura da ilusión e as ambicións logradas... a inanidade final.

O autor de *Non somos inocentes* volve contemplar os tempos idos porque, fóra dese escenario dá brincos a vida, os actores non somos ninguén.



## David Vázquez\_As almas do Fental\_Curtametraxe

David Vázquez volve á carga cunha nova curtametraxe na que nos traslada a un espazo desgraciadamente demasiado común: unha aldea da Galicia interior que está a piques de morrer por mor do abandono ao que se están vendo sometidas tantas e tantas parroquias semellantes a esta: Fental.

O escenario sérvelle de excusa para contarnos a historia de Xosé (interpretado por Fernando Morán), un home de idade avanzada, último habitante da aldea de Fental. David Vázquez aproveita para reflexionar sobre este dobre abandono: o do home maior e o da aldea. As almas dos vellos habitantes de Fental son as que acompañan a Xosé na súa soidade.

m. fernández

# Maruja Mallo, a transgresora surrealista

**M**aruja Mallo é, sen dúbida, a artista plástica máis relevante da cultura galega do século pasado. A súa obra acaba de chegar a Vigo a través da Fundación Caixa Galicia, que lle adica unha exposición retrospectiva na que reúne ata o 10 de xaneiro un total de 142 pezas da artista viveiresa na Casa das Artes. "A maior e máis exhaustiva retrospectiva dedicada á gran transgresora da xeración do 27", en palabras de Teresa Porto, directora da entidade organizadora.

Esta exposición está ordeada en torno ás dez salas que percorren a totalidade da obra e a vida da xenial artista e está considerada polos seus organizadores como "a retrospectiva máis rigorosa de cantas se realizaron ata o de agora", grazas, en boa medida ao desenvolvemento experimentado polos estudos en torno a esta fascinante figura, así como a recente localización de obras fundamentais que se encontraban en paradiro descoñecido.

Os visitantes poderán gozar nun mesmo espazo dun detallado percorrido polo traballo de Maruja Mallo ao longo de máis de cincuenta anos (dende o óleo *La isleña*, con data de 1927, ata *Protoesquema*, lenzo de 1982). As obras mestras da pintora luguesa achéganse, na montaxe, con debuxos e bosquexos que revelan o seu proceso creativo nun itinerario

que propón un minucioso achegamento documental á súa biografía.

A viaxe ao universo creativo de Maruja Mallo hase completar nos vindeiros meses coa publicación dun catálogo referencial e a edición dunha película documental producidos pola Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, baixo a coordinación do Ministerio de Cultura. Ademais, a Fundación Caixa Galicia editará en 2010 a obra *Maruja Mallo: de prometedora pioneira a artista universal. Materiais para unha biografía exacta e completa da pintora viveiresa entre 1902-1936*, traballo de Emilio Insua e Carlos Cal.



Elementos para o deporte, 1927.



O espantapáexes, 1931.



Maruja Mallo con manto de algas, Chile, 1945.

## maruja\_mallo

Ana María Gómez González, nome real de Maruja Mallo, naceu en Viveiro en 1902. Tras pasar a súa infancia en Galicia e Asturias, en 1922 trasládase a Madrid. Estuda Belas Artes na Academia de San Fernando, onde coincide con Dalí, con quen tivo unha relación moi próxima. Na Residencia de Estudiantes tomou contacto co Surrealismo e a Xeración do 27, especialmente con Buñuel, García Lorca, Alberti, Dalí e Pepe Bello. En 1927 come-

za a colaborar como ilustradora na *Revista de Occidente* e realiza a súa primeira exposición individual na que presenta lenzos con temas de verbena e estampas de motivos urbanos e cinematográficos. Catro anos despois, unha pensión da *Junta de Ampliación de Estudios* de Madrid permitiulle viaxar a París, onde tomou contacto co grupo surrealista francés. Á súa pintura sofre un cambio radical: baseándose nas consignas do *Manifiesto* de André Breton realizou unha serie tremendista chamada *Cloacas y Campanarios* onde os protagonistas eran títricos esqueletos, espantailos e cloacas. De volta a España foi profesora na Escuela de Cerámica de Madrid e na Resi-

dencia de Estudiantes, realiza composicións baseadas en estudos xeométricos intentando crear unha linguaxe universal baseada nos principios da xeometría. Na Guerra Civil exiliouse a Bos Aires, onde realizou numerosas exposicións ademais de impartir conferencias en Arxentina, Chile ou Uruguai, relacionándose cos intelectuais exiliados e tamén cos dos países que visita, sobre todo a través de Pablo Neruda e Victoria Ocampo. En 1961 volveu a Madrid. A temática da súa pintura está condicionada polo interese nas ciencias ocultas e o esoterismo. Recibiu a Medalla de Oro de Bellas Artes da Comunidade de Madrid e da Xunta de Galicia. Faleceu en Madrid en febreiro de 1995.



# A revolución do **musical** na **escena** galega: *Glass City*

**fabían\_ben**

O ditador Francisco Franco visita un ano máis o Pazo de Meirás acompañado da súa muller Carmen Polo e da súa casa civil e militar. A cidade de A Coruña prepárase para a visita do xeneralísimo mentres un grupo de anarquistas prepara un atentado que procura rematar coa vida do ditador. É, pois, A Coruña de 1958 o marco onde se desenvolve o musical *Glass City*, a última produción de Teatro do Noroeste, escrita e dirixida por Eduardo Alonso.

A Hípica da cidade, lugar onde comungan clase castrense e civil, é o escenario onde se desenvolve unha obra na que se intercalan varias historias, reflexo da sociedade do momento: unha xuventude que de man das *jukebox* comeza a se imbuír da cultura musical internacional, as relacións estigmatizantes da alta sociedade, reflexo desa España domesticada polo franquismo, e unha inmersión na escena privada de Dona Carmen Polo a través dunha serie de monólogos co seu marido, interpretada de xeito excepcional por Luma Gómez.

O musical, dirixido e composto por Bernado Martínez, mestura danza, coreografías de Chedes Suárez, e música en directo nunha fabulosa escenografía creada por Paco Conesa, que fan do *Glass City*, o *Musical*, "rara avis", do panorama escénico galego, cuxa estrea absoluta acolle, o vindeiro 24 de setembro ás 20:30 horas, o Teatro Jofre de Ferrol.



## Encontros na seguinte fase

texto: **sergio\_lagartija**  
fotos: **míriam\_barral**

**A** principios de século, a música alternativa viuse sacudida pola irrupción de centos de bandas ás que, probablemente por imitación, pareceulles que o mellor xeito de ser transcendentales era precisamente frivolisando. Era música hedonista, que descoxuntaba cadeiras a golpe de guitarrazos entrecortados e bases de pista de baile.

Salvo contadas excepcións a broma non chegou demasiado lonxe, e a maior parte desas bandas quitouse do medio a medida que as preocupacións globais requirían de novo que a música fose unha arma. Pero como un inevitable efecto rebote, as portadas enchéronse de artistas que só parecían ter cousas que dicir, de imberbes predicadores, de vellos verdes mozos. O que antes era un-

ha continua festa converteuse en, se mo permitides, un *muermo*.

Igloo atopou o equilibrio, paradoxalmente, durante o que eles chaman "o seu período de transición". Logo dun primeiro disco homónimo e dun posterior EP (ambos co selo madrileño Junk Records), presentan agora un segundo traballo (*A Transición de Fase*, Ernie Records) no que fan bo o devandito de que é mellor que a inspiración che sorprenda traballando.

Cunha renovada formación na que só se mantén Beni Ferreiro (voz e guitarra) da banda orixinal, Igloo asinou un dos discos nacionais máis redondos do ano. Os coqueteos coa electrónica dos seus inicios pasan agora a un segundo plano, conformando un son eminentemente guitarreiro, ás veces descoxuntal, que convive perfectamente co innegable talento lírico deste cuarteto, presente en cada un dos temas a través de arranxos

preciosistas, a emocionante voz de Beni e a sensibilidade das súas coidadas letras.

"Antes de encerrarnos no estudio -comentan-, tiñamos claro que queríamos seguir mantendo o son Igloo. Para iso, falamos con Iago Lorenzo, que produciu o disco e que nos acompañou nalgún concerto antes do cambio de formación. O resultado obtido foi ata mellor do esperado, grazas sobre todo ao traballo de produción do propio Iago e de Pancho Suárez". Un traballo de produción reforzado pola presenza de músicos de *relumbrón* como os sevillanos Adolfo Langa ou Miguel Rivera, de Maga, que canta no tema *Sen Mentiras*.

Un dos retos para Beni, Tarci, Pablo e Álex, é defender os seus novos temas nun escenario, algo que poderemos comprobar na extensa xira que comezará en outubro. Non se lles ve medorentos. "O disco foi concibido para poder defendelo o mellor posible en directo, por iso é tan guitarreiro", argumentan. "Outorgámoslle unha importancia vital aos concertos, pois é aí onde te decatás de que todo é real, tanto para nós como para o público". De feito, están preparando dous formatos diferentes, un eléctrico e outro acústico, para poder adaptarse a salas máis intimistas.

Deixando de lado as inmemorables críticas, quizá a gran sorpresa deste disco foi a proposta recibida por parte de Evofoto, que se puxeron en contacto con eles para gravar un videoclip de cada un dos temas, que se editarán conxuntamente a modo de curtametraxe, o cal é unha mostra máis da forza lírica deste *A Transición de Fase* que sitúa no disparadeiro, por méritos propios, a un grupo chamado a xogar as grandes ligas.



# Confesionario

Tony Lomba & Elio dos Santos / POR DIEGO GIRÁLDEZ E MANRIQUE FDEZ. / FOTOS: KEKA SUÁREZ

Que os concertos de Tony Lomba e Elio dos Santos son únicos e exclusivos xa non é ningunha novidade. Sobre todo para os que se

aventuraron a comprobalo por si mesmos. De seguro que o volverán a demostrar o día 18 no Porriño, a súa actuación máis inmediata. Pero

quen son estes dous? Cal é o seu grao de compatibilidade? Repartímoslles o mesmo cuestionario para averigualo.

## Tony Lomba Vs. Elio dos Santos

- VIGO OU BEVERLY HILLS.
- Artisticamente Beverly Hills. Como cidadano humilde Vicus.
- SI OU NON.
- Non no altar e si á parella de feito artística.
- UNHA CANCIÓN DO VOSO REPERTORIO.
- Today is a special day.*
- SEXO CON AMOR?
- Iso agota.
- A TÚA DROGA É...
- A pre-elaboración mental dun concerto.
- EL QUIJOTE OU SUPERMÁN.
- O cuelgue do Quijote cos poderes de Superman.
- ENTRARÍAS EN GRAN HERMANO.
- Teño moitos defectos como para velos nun suicidio catódico.
- GALICIA BILINGÜE OU GALICIA BÍFIDA.
- Esperanto forever. Non fagamos corrillos.
- DIRECTO OU ESTUDIO.
- No estudio podes facer trampa e mola arranxar as equivocacións pero no directo a paixón é desbordante.
- SWING OU TRASH-METAL.
- Swing na *swimming-pool*.
- LUNS OU DOMINGO.
- A lotería primitiva poder caer calquer día. O problema está no que fixeches o día anterior.
- PAPÁ OU MAMÁ.
- Mamá, pero pola italianización do seu carácter e ser fillo de seis irmáns. De tódolos xeitos, cada un ten o seu trono emocional no meu currunchito afectivo.
- XELO OU COPA FRÍA
- E o whisky???



- PROSA OU POESÍA
- Improvisación en plato frío.
- BRANCO OU NEGRO .
- Ainda así sigo sendo daltónico (¿quén cho dixó?) e paréceme unha pregunta cabrona. Voume a arriscar....Jackson Five.



- VIGO OU BEVERLY HILLS.
- Vigo...
- Si ou non.
- Si
- UNHA CANCIÓN DO VOSO REPERTORIO.
- Hoy es un día especial
- SEXO CON AMOR?
- Sexo con sexo
- A TÚA DROGA É...
- A música.
- EL QUIJOTE OU SUPERMÁN.
- Quijote...son fan
- ENTRARÍAS EN GRAN HERMANO.
- Non, gústame leer o periódico todos os días.
- GALICIA BILINGÜE OU GALICIA BÍFIDA.
- GB é una asociación anticultural de xente acomplexada. Danme moita vergonha.
- DIRECTO OU ESTUDIO.
- Son dúas caras da moeda ...encantame as dúas.
- SWING OU TRASH-METAL.
- Ningún dos dous.
- LUNS OU DOMINGO.
- Luns
- PAPÁ OU MAMÁ.
- Mamá. Papá xa son eu.
- XELO OU COPA FRÍA
- Xelo.
- PROSA OU POESÍA
- Todo é poesía.
- BRANCO OU NEGRO .
- Branco.

### mentiras

andrés\_mahía\*



### ANFIELD ROAD

Na tarde do oito de Abril de 1992, Douglas Stanford atravesou a herba de Anfield Road cargado cun balde de cinc. Galón e medio de auga do Mersey. Os corenta e tres mil espectadores que abarrotaban o estadio remataron por fixar a atención naquel home que a poucos minutos de comezar o partido se encamiñaba, balde na man, cara ao pico da área que preside a Kop, a grada máis popular de Liverpool. Cando pisou a liña de cal, Richard contou catro pasos cara a esquerda e situouse xusto onde corenta anos antes o seu pai (Ricky Stanford, extremo zurdo) morrera dun infarto mentres disputaba un partido de Copa contra o

Arsenal. Richard axeonllouse, rezou en silencio durante un par de minutos e logo baleirou o a auga de río sobre o céspede mentres o *You'll never walk alone* flotaba sobre Anfield.

Galón e medio, explicou despois aos xornalistas, era o volume de bágoas que segundo un cálculo tabernario se tiñan derramado en Anfield Road despois de cen anos de historia. A anécdota figura en letra pequena no anuario do Liverpool FC de 1993. Unha inxustiza. Aquelas bágoas rescata-das do Mersey merecerían letras de bronce.

\*Andrés Mahía é guionista

## Marcos Godoy, un pintor polo mundo

Comecei a pintar cando era un adolescente, primeiramente foron pequenos bocetos basados en debuxos da televisión como *Bola de Dragón*, *Arale...* Na escola a arte causábame paixón e mostrei un grato interese polos diferentes artistas ao longo da historia, persoalmente destacaría a Dalí, Matisse, Duchamp e os movementos surrealista, impresionista e dadaísta.

A primeira pintura que fixen foi para a miña nai, eu xa tiña 22 anos. Despois xa non puiden deixar de pensar en volver a pintar. A pintura tenme pensando continuamente e analizando pequenos detalles que poida plasmar nunca das miñas futuras obras.

Algunhas das obras que fixen teñen antecedentes persoais ou unha razón de ser. Ás veces penso e sinto a pintura coma un proceso de reflexión sobre a miña vida. A maioría das miñas obras son feitas con pintura acrílica sobre lenzo, combinándoas ás veces con papel, plásticos, rotuladores, bolígrafos e outros elementos materiais.

Nun primeiro momento comecei a pensar no contido das miñas pinturas, e seguidamente desenvolvin as miñas habilidades e estilo.

Opino que sempre hai unha razón para comezar a pintar. Despois

das miñas primeiras pinturas en Galicia, onde a temática persoal tiña máis forza, empapeime da arte contemporánea finlandesa cando vivín en Helsinki e dun artista do Perú agora amigo meu chamado Joselito Sabogal. No ano que estiven en terras escandinavas o miña pincelada volveuse máis precisa con obras máis simplistas.

Dende que vivo na India as cores e formas son máis vivas e comecei a pintar á muller como temática. A India ten unha arte colorista, onde a muller ten un papel principal xunto coa relixión. As diferentes visitas a templos e arte indio dérunme un gran empuxón e ansia por pintar a muller.

A combinación de cores é unha das partes máis importantes da miña obra. Creo que cunha mezcla axeitada de cores pódese expresar máis que só coas formas (as cores expresan sentimentos).

As miñas perspectivas de futuro van dirixidas a seguir mellorando o estilo e coñecer culturas e novas técnicas. En decembro farei unha exposición nunha galería na India, concretamente en Pune, algúns detalles están pendentos de formalizar. Ata o de agora xa fixen exposicións na Terería Trampa de Venus (Ourense, febreiro de 2007), e na Galería Tapani Piirto (Helsinki, xuño de 2008).

[www.myspace.com/godoymarcos](http://www.myspace.com/godoymarcos)



4:3

jacobo\_paz \*



TRUE BLOOD,  
CARIE E ANEMIA

**T**ru Blood resulta desconcertante. A súa cabeceira é hipnótica e a premisa da que parte a historia é prometedora: os vampiros tratan de integrarse na sociedade despois da creación dun sangue artificial co que poden alimentarse. O problema desta serie é que utiliza o xénero fantástico para encubrir o feito de que nunca chega a definir o seu ton.

A medio camiño entre o folletín camp, o thriller porno soft e a denuncia social, *Sangue fresco* resulta unha experiencia decepcionante, un cocktail mal combinado.

Os personaxes principais son tan planos que parecen sacados dun chiste: a protagonista é unha moza loura (virxe, palurda e con telepatía) que ten un irmán (un cachas sen cerebro) que folla con todas as tipas, menos coa que está namorada del: unha negra deslinguada que resulta ser a mellor amiga da súa irmá. Para dar consellos, nin-

guén mellor que un travestí que trafica con toda clase de drogas. Entón chega un vampiro e todo complícase.

\*Jacobo Paz é guionista



## Sebastián Romo

# A vontade das cousas



ana\_gonzález\_chouciño

**P**equenos obxectos con vontade de existir. Fotografías, vídeos, cadernos de notas, xornais, cidades construídas con palabras, debuxan un proceso coas súas historias, un camiño que non sempre necesita un final concreto. Sebastián Romo envorca o tempo no espazo, expándeo e encólleo; xoga coa relatividade para facernos dubidar da nosa propia escala.

A fotografía como escultura, convertida en límite e evidencia da realidade. Un álbum estendido nunha vitrina fai visible o imperceptible, detalles dun paseo esquecido que lanzan o pasado ao presente e o converten en materia. Sebastián rodea un volcán e fotografía cada paso; *Caminando*

*un cráter* (1994) materialízase nunha máquina na que ao xirar unha manivela varias fotografías van mostrando a súa viaxe en círculo, símbolo de que todo pasou algunha vez, aínda que non do mesmo xeito nin á mesma velocidade. *Tropicalía* (2001) cambia o proceso: as fotografías colócanse sobre o chan unha detrás doutra creando un círculo perfecto onde a historia queda oculta, o tempo da imaxe condénsase escondendo cada paso: a exposición, as tomas erradas, a memoria e a visión do espectador... todo se anula para converterse en metáfora.

E a figura do avión dominando as salas como signo de distancia, de relatividade, capaz de desfacer a realidade ao seu paso, converténdoa en pasado a medida que a paisaxe vai quedando atrás.



sebastián\_romo